

**XXIX Festa dos Callos
no Porriño**

Páxina IV

**Tui conectará a vía
férrea co centro urbano**

Páxina VIII

**Estudarán a viabilidade
do polígono empresarial
A Guarda-O Rosal**

Páxina X

**Ratificado irmanamento
entre A Guarda e
Póvoa de Varzim**

Páxina XI

**Gustavo Barcia repetirá
como candidato do BNG**

Páxina XII

**Oia reclama
melloras urxentes
no servizo eléctrico**

Páxina XIV

**Pontevedra, galardoada
coa "Q" de Calidade**

Páxina XIV

**O redondelá
Carlos Pazos-Justo
presidirá a AIEG**

Páxina XV

Entrevista



Alfredo Cerqueira
Ex presidente da Casa de Galicia
de Puerto Madryn (Arxentina)

**"Feijóo sorprendeuse
que, cando están
pechando Casas de
Galicia no mundo,
abriuse unha máis
na Arxentina"**

Páxina II

**II edición de
"#ConSalceda de
Pinchos e Tapas"**

Páxina VI



Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas



Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO
grupoluco@covelo.cc

986 644 036
www.covelo.cc



Alfonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluquerista.iermt@gmail.com

Entrevista de Guillermo Rodríguez

Alfredo Cerqueira | Ex presidente da Casa de Galicia de Puerto Madryn (Arxentina)

"Feijóo sorprendeuse que, cando están pechando Casas de Galicia no mundo, abriuse unha máis na Arxentina"

Emigrante ponteareán radicado na provincia arxentina de Corrientes desde 2000, Alfredo Cerqueira, natural da parroquia de Arcos, foi oficial mariñeiro durante moitos anos en diversos

países. Na Arxentina contribuíu a crear, xunto coa súa benefactora Dolores Rodríguez Watson, a Casa de Galicia "Voces da Nosa Terra" en Puerto Madryn (provincia de Chubut), entidade da que foi presi-

Cal é a túa orixe?

Eu nacín en Arcos. Logo estudei no colexio das Hermanitas de la Caridad en Vigo no Berbés e logo nos Salesianos. Estiven despois nun reformatorio ao que me mandou un párroco de Arcos. Tras facer o servizo militar, casei en Areas.

A túa preparación como mecánico naval onde a fixeches?

En Huelva. Foi unha afección que sempre tiveron. Comezou no colexio e tamén cun tío meu da Guarda. Ante a miña vocación, o

e, cunha empresa de Huelva, Mariscos Rodríguez, mandáronme a Dakar (Senegal) Posteriormente saquei a titulación de Segundo Mecánico na Escola Politécnica Naval de Huelva eno 1989, xa con 34 anos. Seguí traballando nunha empresa de frío comercial en Huelva, traballei na Expo Sevilla, volví a embarcarme e ao regreso saquei o título de Mecánico Naval de Primeira Clase, que me permitiu embarcar de novo pero xa como oficial. Logo, tras desaveniencias coa empresa onde es-

lega, o seu pai era perto das Neves. Ela traballaba na Policía Federal co tema dos pasaportes e documentación en Puerto Madryn, na provincia de Chubut. Foi así como nos coñecemos pola nosa mutua orixe galega.

Daquela o Sr. Guillermo Rodríguez enviábame o xornal A Península, que eu tamén lle daba a ela. Pola súa morriña galega, esta señora díxome que quería abrir unha Casa de Galicia en Puerto Madryn. Tras un tempo de distanciamento motivado polo meu cambio de localidade, retomamos a relación á miña volta a Puerto Madryn e animeina a facer este proxecto.

O seu esposo (que faleceu fai dous anos) era bandoneísta, profesor de música e mestre maior de obras e ela é moi boa cantante, razón pola que ámbolos dous estiveron en varios países. En 2004 ela puxo un cruceiro galego de cemento en Puerto Madryn e solicitou á Intendencia de Puerto Madryn un terreo fiscal para montar a Casa de Galicia. Tamén conseguiu que o Goberno de Chubut lle dera unha axuda en pesos arxentinos para a súa construción. O seu esposo fixo os planos arquitectónicos e dende entón existe esta Casa de Galicia, que en 2019 foi visitada polo entón presidente da Xunta de Galicia, Alberte Núñez Feijóo. Pero ao non estar inscrita no Rexistro da Xunta, ela non puido optar a axudas do goberno autonómico, polo que todo este traballo o realizaron eles co seu propio esforzo. Eu fun presidente desa Casa de Galicia desde 2016 ata 2021, incluso coincidiu que era o presidente cando estivo Feijóo alí. Nós representamos a



Galicia na Festa do Inmigrante na cidade de Oberá (provincia de Misiones) na que eu fun como presidente e abandeirado.

Cantos socios pode ter actualmente a Casa de Galicia?

Agora mesmo 101 socios. A maior parte deles son alemáns, galeses, que lles gusta a cultura galega. O problema é que a crise económica arxentina dificulta pagar as cotas de socio para a maior parte deles.

Qué poboación ten Puerto Madryn?

Ten 129.000 habitantes. Cando estivo Feijóo, tanto el como os empresarios das empresas pesqueiras galegas alí non sabían que existía unha Casa de Galicia pero si sabían que había unha bandeira de cerimonia, razón pola que se achegaron ao centro para pedir esta bandeira. Mais non se fixeron socios nin lle dixeron á señora Rodríguez Watson se pre-

cisaba dalgunha axuda económica, que sempre é necesaria. Ela máis o seu esposo sempre facían os traxes galegos, incluso os galeses facíanos tamén. Dan clases de gaita galega e outros cursos para poder financiar o centro.

Entón, ese centro non está rexistrado na Xunta de Galicia?

Agora aparentemente está rexistrado. Cando estivo Feijóo en Puerto Madryn, Rodríguez Watson aproveitou para informarse dos requisitos, aínda que dende a Xunta sempre lle informan que precisan tamén doutros requisitos. Agora a Casa ten iluminación e calefacción, terminaron de pintar a fachada. O curioso é que a Feijóo lle causou curiosidade que, cando agora están pechando Centros de Galicia polo mundo, pois resulta que tamén se abren algúns como o de Puerto Madryn. Eu tamén quero aproveitar a miña estancia en Galicia para iniciar os



Feijóo durante a súa visita a Casa de Galicia

director dun colexio de Pontevedra onde estiven ofreceume navegar polo que, xa con estudos secundarios, formeime en Pontevedra e en Marín deronme o título de mariñeiro nunha academia privada. De alí entrei en Pescanova e mandáronme a Gran Canaria como mariñeiro. Eu tiña entón catorce anos e acórdome das penurias da embarcación na que estábamos. Empecei a navegar en xullo de 1972. Logo a través do meu cuñado fun á Mercante Estranxeira en barcos liberianos e panameños. Fun adquirindo os coñecementos

taba, ofrecéronme ir á Arxentina. **En que ano fuches a Arxentina e canto tempo estiveches?**

Fun no 2000 ata a actualidade. Estiven uns meses na empresa Empesur que posteriormente pasou a Mariscos Rodríguez. Logo pasei a unha empresa, Conarpesa S.A, a antiga Álvarez-Entrena en España. Alí agarroume o "corralito" (a crise económica e financeira arxentina de 2001-02) con tres barcos en Mar de Plata. Nese intre, no ano 2000 foi cando coñecín a Dolores Rodríguez Watson, que ten sangue sudafricana e ga-



Alfredo Cerqueira e Dolores Rodríguez Watson na Casa da Galicia de Puerto

Xosé González Martínez, *Presidente do Foro E. Peinador.

Premios á publicidade en galego

As estas alturas do tempo as grandes marcas comerciais xa teñen preparadas as campañas publicitarias para emitiren nas festas do nadal. As canles de televisión e a prensa escrita serán os espazos máis recorrentes. Como acontece todos os anos, os anuncios que máis se farán ver serán os das marcas de colonias e perfumes francesas con deseños engaiolantes, completadas con frases curtas e audios en francés.

É de supoñer que aquí, en Galicia, os creativos das axencias de publicidade xa teñan tamén elaboradas as súas, pero en castelán as máis delas. Como se non lles importase saber que oito de cada dez galegos opinan que a lingua galega é perfectamente válida para tales mensaxes.

Un estudo xa vello sobre o prestixio, confianza e publicidade en galego, recolle as opinións favorables dos consumidores que poden transmitir produtos anunciados no noso idioma. Os resultados son moi claxadores: máis do 90% da poboación está en desacordo con que os produtos anunciados



en galego non merezan confianza e con que esta lingua non sexa apropiada para os reclamos publicitarios; é dicir, só un 10% considera que o galego prexudicaría os intereses das marcas. Pouca xente é.

O 81,7%, afirma poder ler sen ningunha dificultade un escaparate escrito en galego. Isto é así porque a inmensa maioría dos consumidores estudaron a lingua galega no período de formación escolar. Éles unha lingua común por coñecemento e por formar parte dunha sociedade onde o noso idioma é maioritario en certos usos sociais, nomeadamente no familiar. O rexeitamento que poida haber non é por descoñecemento, é por razóns de índole ideolóxica que intentan transmitir o desafecto a un patrimonio cultural que goza aínda dunha forte vitalidade.

Que aínda haxa empresarios que teñan prexuízos lingüísticos, sabémolo; están integrados nese grupo social que promoven o conflito cultural. O que cómpre coñecer é se os profesionais que se forman nas aulas das universidades galegas destinados a formaren parte de gabinetes de asesoramento e estratexias de comunicación saen coa debida formación respecto dos comportamentos lingüísticos dos consumidores, para introducir modificacións nos ciclos formativos. Todo indica que están instalados no descoñecemento e presos de complexos tóxicos. Con esas actitudes intelectuais pouca credibilidade teñen. Pouco teñen

aprendido das exitosas campañas publicitarias construídas con mensaxes de considerable impacto social.

Por outra banda, reforzando a tese da utilidade da lingua galega, están as campañas publicitarias promovidas polas institucións públicas. As da Xunta de Galicia e outras institucións públicas desautorizan a empresas e creativos que seguen instalados no pensamento equivocado de atribuírle ao castelán vantaxes que non ten o galego. O exemplo continuado no tempo dunha entidade bancaria ben coñecida que adoita publicitar os seus servizos en lingua galega é para ter en conta.

O próximo día 3 celebrárase o acto de entrega dos premios de publicidade en galego convocados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración co Foro E. Peinador e o Parlamento de Galicia, que nesta ocasión recoñece a empresas que anuncian os seus servizos e produtos no noso idioma a través dos xornais, radios e televisión, redes sociais e soportes estáticos.



Por Francisco Peña. Fillo Predilecto de Ponteareas

A saúde do planeta é tarefa de todos

O medio ambiente é patrimonio común da Humanidade, a súa protección e conservación necesita do esforzo solidario de toda a sociedade. Alcanzar a saúde ambiental do planeta está nas nosas mans, é unha tarefa de todos conseguir ese obxectivo desexable para toda a Humanidade, sobre todo tendo en conta que o aire que respiramos, a auga que bebemos, os alimentos que inxerimos, o solo no que residimos, os residuos que xeramos e a paisaxe que contemplamos, non teñen cor política nin económica nin raza nin relixión. O medio ambiente non ten fronteiras nin límites xeográficos, é de vital importancia a cooperación das nacións dos cinco continentes e a coordinación dos actores principais que as representan, establecendo sinerxias e estratexias de actuación conxuntas por parte

dos gobernos, remando todos xuntos na mesma dirección e contando coa participación de todos os axentes sociais, estando por encima de localismos, intereses económicos, ideoloxías políticas, etc.

Todos os seres humanos que habitamos o planeta temos que estar nas mesmas condicións de igualdade ante a saúde, a educación, a vivenda, e poder disfrutar dunha vida digna. Está nas nosas mans qué tipo de sociedade queremos deixarlle ás novas xeneracións. ¿Cal debe ser a nosa esperanza e o noso reto? Ser capaces de construír un mundo novo, un planeta en paz, máis xusto e solidario, máis saudable e sostible para todos os habitantes do planeta. Todos e cada un dos que habitamos o planeta, como cidadáns libres e responsables, temos a obriga de participar activamente na construción desa nova

sociedade de futuro. Xuntos e unidos podemos construír un mundo mellor, pero para conseguilo é preciso alzar a nosa voz e pasar de ser unha sociedade silenciosa a convertírnos nunha sociedade máis comprometida e participativa, de cara a loitar polo ben común.

Temos que aprender a traballar xuntos con aqueles que pensan distinto, xa que son moitas máis as cousas que nos unen que as que nos separan. É necesario reducir o nivel de crispación desta sociedade en todos os ámbitos da vida pública, especialmente na política. É necesario acabar coa corrupción. Vivimos tempos convulsos e difíciles tras dous anos largos de pandemia, conflitos bélicos (invasión de Rusia en Ucraia, etc.), crisis enerxética e económica, e resulta lamentable que con tanto paro e moita xente pasando fame e as necesidades básicas sen cubrir, haxa tantas desigualdades sociais e máis corrupción que nunca (é preciso que a justiza sexa implacable cos corruptos, todos somos iguais ante a lei). É lamentable que se dediquen tantos recursos a armamento para

alimentar os conflitos bélicos, que o único que traen consigo é a destrución e a perda de vidas humanas. Menos inversións en armamento, e destinar máis recursos para paliar a fame no mundo e as desigualdades sociais.

Dende o respecto á diversidade e á liberdade individual do ser humano, temos que esforzarnos desde a nosa responsabilidade individual, en ser testemuña viva de comportamentos e talentos humanos impregnados dunha maior liberdade responsable, honradez, tolerancia, solidariedade, defensa e respecto á dignidade humana, prevalecendo os valores éticos, morais e espirituais, que son os que sustentan o ser da persoa. Entre todos temos que ser capaces de construír un mundo novo para os habitantes do planeta, donde as palabras guerra, destrución, violencia, corrupción, pobreza, non existan; ese día gañaremos o futuro. Que así sexa.



LOURIÑA

Concello mantén encontros co tecido industrial porriñés

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e a concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, Antía Carrera, visitaron a fábrica de Xylazel no Polígono Industrial do Porriño dentro da rolda de encontros que están a manter coas empresas do municipio. A empresa, fundada en 1975 por Zeltia, foi adquirida en 2018 pola holandesa AkzoNobel.

Con 40 persoas no cadro de persoal, parte importante deles veciños e veciñas do Porriño e a súa zona de influencia, as súas



instalacións acollen na actualidade a planta de produción de dúas marcas do grupo: Xylazel, espe-

cializada no tratamento e pintura de madeira, e Oxirite, adicada á protección e pintura no metal.

Arrancou o curso de “Galegas Dixitais”



Deu comezo este 3 de outubro o curso Galegas Dixitais no que participan 20 mulleres do Porriño. Unha oportunidade única para adquirir coñecementos e competencias dixitais útiles para o seu día a día, mellorar a

empregabilidade e emprendemento.

O programa, ao que se uniu o Concello do Porriño, está organizado por Beproject e Ara Formación e financiado polos Fondos Europeos NextGenerationEU e o Plan de recuperación,

transformación e resiliencia.

A actividade é totalmente gratuíta e agrúpase en tres bloques de 40 horas de duración cada un: competencias dixitais básicas, competencias dixitais avanzadas e competencias dixitais para o emprendemento.

Ludoteca para a conciliación familiar no Porriño



No marco da iniciativa “Plan corresponsables 2022” da Secretaría Xeral de Igualdade, o Concello do Porriño, a través da concellería de Igualdade que dirixe Carolina González, pon en marcha por primeira vez unha ludoteca municipal gratuíta que botará a andar do 1 de outubro ao 30 de novem-

bro nas instalacións do Centro Cultural Municipal, cun horario dende as 16 h ata as 20 h.

O aforo será de 20 nenos e nenos cada día que as súas familias poderán deixar ao cargo das monitoras e monitores dentro do horario establecido. Non é necesaria inscrición previa, e os pequenos e pequenas serán admi-

XXIX Festa dos Callos no Porriño

Tras un mes completo de festas o domingo 2 de outubro, no Recristo como é tradición, a Festa dos Callos do Porriño puxo o broche de ouro á celebración das festas patronais.



A festa gastronómica por excelencia do Porriño chega este ano á súa vixésima novena edición e o fai cun padriño de luxo: o futbolista porriñés Gabri Veiga. O centrocampista do RC Celta de Vigo foi o encargado de presentar oficialmente o evento, nun acto no que estivo acompañado polo alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, o presidente da asociación

de hostaleiros AHOSPOR, José Manuel Fernández, a presidenta da asociación de comerciantes ACIPOR, Juana Pérez, e concelleiros e concelleiras do goberno local.

Este ano foron 30 os locais que participaron na festa ofrecendo racións de callos para todos os gustos, a 7€ a ración incluída cunha de viño e pan do Porriño.

O PORRIÑO

Noemí Fernández gaña o concurso "Tes Talento?"

A porriñesa Noemí Fernández alzouse co primeiro premio desta edición do concurso musical Tes Talento?: 500 euros e a grabación dun tema.

O xurado deu como gañadora a esta moza tras unha interpretación maxistral do tema de Dreamgirls, "One night only". O segundo posto foi para o moense Iker Faure, que conquistou ao público e xurado cun tema da súa autoría "Hasta que tú quieras" e o terceiro para a porriñesa Lucía Samoelle e a súa persoal interpretación de "La despedida". O alcalde, Alejandro Lorenzo, foi o encargado de entregar os galardóns.



En total foron 12 os artistas que disputaron a final tras clasificarse nas dúas semifinais celebradas. Na modalidade infantil

o gañador foi Xavi Arós, que se impuxo ao resto dos participantes coa súa interpretación do tema "SloMo".

O Concello reafirma a súa colaboración coas ANPAS

O Concello do Porriño vén de resolver as axudas municipais dirixidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolven accións no eido da educación. A admi-

nistración local dispuxo un total de 21.000 euros para axudas ás ANPAS do municipio e efectuou xa o primeiro pago -80%- ás asociacións beneficiarias.

O Porriño leva a Oficina Catastral ás súas parroquias

O Concello do Porriño pon en marcha a comezos de outubro a oficina de información e tramitación catastral que se instalará nas diferentes parroquias do municipio, en resposta ás demandas da cidadanía que estes días está a recibir os recibos do pago das cuotas do IBI resultantes da revisión da valoración catastral le-

vada a cabo no ano 2020 polo Catastro (Ministerio de Fomento).

O servizo, no que se ofrecerá asesoría e facilitarán os trámites á veciñanza, percorrerá as parroquias de maneira alterna en horarios de tarde e de mañá do 3 ao 11 de outubro en O Porriño, Torneiros, Atios, Pontellas, Budiño, Chenlo e Carrado.

BNG O Porriño reclama modificar o PXOM en Torneiros

O Pleno do Concello do Porriño aprobou este 29 de setembro unha iniciativa presentada polo BNG solicitando o compromiso dos grupos políticos para modificar o PXOM nos polígonos onde Consorcio Zona Franca de Vigo (CZV) proxecta construír o Centro de Servizos ao Transporte, e non contemplar usos industriais e lóxicos nestes espazos.

A Corporación Municipal acordou por unanimidade o pasado mes de abril posicionarse en contra da execución desta infraestrutura na localización prevista en Torneiros. O BNG defende a protección protexer urbanística deste lugar e acusa ao alcalde Alejandro Lorenzo de buscar saír na foto pero non facer nada do que ten na súa man para protexer Torneiros desta ameaza para a vida da parroquia.



LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

II edición de “#ConSalceda de Pinchos e Tapas”

O concello de Salceda presentou onte o 2º Concurso “#ConSalceda de Pinchos e Tapas”, organizado pola concellería de comercio, dirixida pola alcaldesa Verónica Tourón, en colaboración con ACISA. Esta iniciativa forma parte do programa de dinamización do comercio local “Con Salceda”.

No concurso participaron os seguintes locais de Salceda: Arruda Cofee Bar, Tabertenda, O Recuncho, Tapería Ozores, La Marujita, Vinoteca Salceda, Bar Caselas, Centro Cultural San Xurxo e Cafetería Altamira.

Cada un dos establecementos participantes concursa nunha das

categorías de pincho ou de tapa. Os establecementos gañadores de cada categoría recibirán un galardón por parte do concello.

A persoas que degusten as tapas ou pinchos e voten por cada un deles participarán nun sorteo que conta con tres premios: un por valor de 600€ en vales de compra nos establecementos asociados a ACISA (doado por esta asociación de comerciantes), outro por valor de 300€ en vales de compra para todo o comercio local aportado polo concello e outro de 90€ en vales para consumir nos establecementos participantes no concurso. Así mesmo todas as persoas participantes que com-



pletan a ruta de pinchos e tapas recibirán un agasallo directo.

O concurso comezará o 14 de outubro e rematará o domingo día 23.

os horarios nos que cada pincho e tapa serán servidos polos establecementos participantes.

O concello de Salceda quere agradecer a hostalería local a súa alta participación e á asociación de comerciantes a colaboración prestada para esta iniciativa.

Verónica Tourón, alcaldesa e concelleira de comercio: “Dende a concellería de comercio continuamos apostando por este tipo de eventos que dinamizan dunha forma moi especial a hostalería local ofrecéndolle á cidadanía unha oportunidade fantástica para gozar de cada un dos establecementos participantes e coñecer a súa oferta gastronómica”.

Para poder gozar ao máximo do concurso recoméndase consultar o folleto dispoñible no comercio local, e tamén na web e nas redes sociais do concello, para coñecer

XV Serán de Colleita en Parderrubias

A parroquia salcedense de Santo Tomé de Parderrubias realizou o pasado 1º de outubro o XV Serán de Colleita en Parderrubias, unha festa tradicional con música, baile, gastronomía, viño da colleita e actividades de lecer e para os nenos organizado pola Asociación de Veciños Agrícola e Cultural de San Tomé e a Asociación Cultural Xunco de Parderrubias, co apoio do Concello de Salceda.

Tamén se realizou a XIII Ex-



posición de produtos e ferramentas de agro. O acto de remate contou coa asistencia da alcaldesa Verónica Tourón.

Rematada a pavimentación en Pedracarballa

O Concello de Salceda anunciou a finalización das obras de pavimentación da estrada de Pedracarballa, na parroquia de Entenza.

Deste xeito, realizouse un

asfaltado integral así como a ampliación da rede da traída veciñal, con novas conexións de saneamento. Adicionalmente se colocou o empedrado diante da fachada da capela de San Brais.

III Enduro de Salceda en novembro



O Concello de Salceda recibiu á Asociación Deportiva Motoclub Tamancas para avanzar na orga-

nización do “III Enduro de Salceda de Caselas”, competición do motor que se celebrará o día 13 de novembro.

Exito dos pilotos de Salceda no 55º Rally Rías Baixas

O pasado 1 de outubro transcorreu por Salceda o 55º Rallye Rías Baixas, no que destacaron os pilotos locais Jorge Pérez e Miriam Vera con seu segundo posto e o copiloto Javier Martínez co quinto posto.

O actual líder do CERA Recalvi, Víctor Senra, obtivo un trunfo contundente, marcando o mellor tempo en nove dos dez tramos cronometrados. Jorge Pérez Oliveira a 1 minuto 20 segundos e José Luis Peláez a 1.30 completaron o podio.



SALCEDA DE CASELAS

Máis de 126.000€ para as asociacións de Salceda

O Concello de Salceda de Caselas asinou os convenios de colaboración coas asociacións co que percibirán 126.751,40€ que servirán para axudar aos colectivos a sufragar os seus gastos de funcionamento e actividades. O acto de sinatura celebrouse no Auditorio Municipal e contou coa presenza da Alcaldesa Verónica Tourón, a tenente de alcaldesa Loli Castiñeira e o Concelleiro de Cultura e Asociacionismo Álex Rodríguez.

Nos máis de 126.000 euros que se destinan, asináronse convenios cos centros culturais (900 €), os coros (700 €), as asociacións de veciños (400 €), os entroidos do Castro Barreiro e da Feira (1.600 €), a Asociación de Amigos e Amigas da Música de Salceda (22.000 €), o CEP Altamira (1.200 €), o IES Pedras Rubias (2.400 €) e a Asociación de Xubilados e Xubiladas e Pensionistas (3.000 €). No eido deportivo, 22.551,40 € son para as Escolas Deportivas, 18.000 €



para o Caselas C. F., 4.550 € para os Clubes de Balonmán e Baloncesto e 400 € para o Club Ciclista Aragonta.

Tamén reciben axudas por segundo ano a Escola de Fútbol Dénis Suárez e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (AFA-GA) con 15.000€, A asociación de Persoas Voluntarias de Protección Civil con 1.500€, a Asociación de Comerciantes e Industriais e a Asociación Cultural, Deportiva e Ecoloxista TrezeCatorze con 900€ e a Asociación de Mulleres Rurais Caselas

400,00€.

As subvencións de maior importe son as que reciben a Asociación de Amigos e Amigas da Música, que engloba a Escola de Música de Salceda así como a Banda de Música, movendo en total máis de 400 persoas de tódalas idades, e as Escolas Deportivas, con cerca de 500 participantes. Considérase tamén fundamental o apoio ás actividades dos centros escolares públicos, que a pesares de non estar dentro das competencias dos Concellos reciben tamén unha aportación municipal.

Rematadas as obras do Campo Municipal de A Gándara



O concello de Salceda rematou as obras de mellora do muro lateral leste do campo de A Gándara, unha obra moi necesaria para asegurar o perímetro exterior do campo en relación ao camiño que discorre paralelo ao campo polo que transitan habitualmente pións e vehículos.

Para verificar as obras asistiron a alcaldesa Verónica Tourón, o concelleiro de Deportes Rubén González, o xerente da empresa que realizou as actuacións de mellora e o presidente do Caselas FC. José Carlos Pena Iglesias

Ademais desta actuación leváronse a cabo outras como a habilitación de marcos para a colocación de publicidade e a mellora no acceso aos vestiarios e no cuarto de almacén de mantemento.

A planificación das obras tivo en conta o desenvolvemento da tempada deportiva, xa que estiveron listas para que o Caselas F.C., equipo con 55 anos de historia, que milita no grupo 5 da Primeira Galega, disputara o seu primeiro partido na casa asegurando así o normal transcurso da competición.

Obradoiro Dual de Emprego “Rehabilita Salceda”

Alcaldesa e concelleira de emprego e formación Verónica Tourón presentou, no CDL do Torrón, o obradoiro dual de emprego “Rehabilita Salceda”, acompañada de Marta Mariño, Xefa Territorial de Emprego e Igualdade da Xunta en Vigo, e da directora do obradoiro María Isabel Outerelo, que conduciu o acto.

O obradoiro formará e empregará a 20 persoas que traballarán reformando e rehabilitando a casa do mestre anexa a aula de San Xurxo, o tellado da aula de Picoña, ambas pertencentes ao CRA Raiña Aragonta, e no acondicionando dun espazo municipal para o almacenamento selectivo de refugallo.

O alumnado-traballador seleccionouse a través de oferta



presentada no Servizo Público de Emprego de Galicia, e tras superar as probas dun tribunal avaliador segundo as bases aprobadas, e será empregado a través dun contrato de formación e aprendizaxe.

Para levar a cabo o proxecto contratouse persoal directivo,

docente e de apoio, que xestionará e executará o proxecto dende o propio CDL O Torrón en Salceda a parte formativa. Esta complementarase coa alternancia de traballo e práctica profesional no concello de Salceda, para así recibir unha formación profesional adecuada á ocupación elixida.

XI MOSTRA DE CORAIS



Auditorio Municipal de Salceda de Caselas

8-Outubro-2022 ás 19:00 Horas.

Organiza: Colaboran:

BAIXO MIÑO

TUI

Tui conectará a vía férrea co centro urbano

O proxecto presentado polo Concello de Tui para cubrir un tramo da vía férrea no centro urbano é viable tecnicamente. Así llo vén de confirmar o ADIF ao alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro. O rexedor tudense sinala que se trata dunha “obra estratéxica para Tui” xa que “nos permitiría desdobrar unha zona de tráfico bastante intensa coma é o primeiro tramo da rúa Colón”. O investimento estimado é de 15 millóns de euros.

O proxecto cubrirá a vía férrea entre os taludes da rúa Colón e do barrio de Ricamonde, coa construción dun túnel de 500 metros, non afectará ao tráfico




ferroviario e será compatible amais coas obras proxectadas para renovar a vía entre Guillarei e Tui. O novo vial contará con tres rotondas unha na rúa Colón,

outra na rúa Pilar que dará acceso á praza de Abastos, e unha terceira que daría acceso á estación de autobuses e melloraría o acceso ao barrio de Ricamonde.

Programa europeo WiFi4EU

O concello de Tui ven de implantar unha rede WiFi municipal no marco do programa europeo WiFi4EU. Grazas a esta iniciativa contan con cobertura wifi gratuita a praza do Concello, as rúas Porta da Pía, Bispo Castañón, Calvo Sotelo e o Paseo da Corredoira.

O programa WiFi4EU promove o acceso libre dos cidadáns á conectividade de banda ampla en espazos públicos coma parques, prazas, edificios oficiais, bibliotecas, centros de saúde ou museos de municipios de toda Europa. A actuación realizada en Tui supuxo o despregue de 10 puntos de acceso WiFi exterior que a través da rede de nome “WiFi4EU”, permite ofrecer tanto a cidadáns e visitantes un servizo de acceso a Internet de calidade. Así calquera usuario ubicado na área de cobertura da rede “WiFi4EU” poderá acceder de xeito seguro e gratuito as 24 horas do día á conexión. A pri-



meira vez que a persoa se conecte á rede será redirixida a unha páxina segura de inicio de sesión (portal cativo).

O investimento realizado ascende a 15 mil euros que foron financiados pola Unión Europea.

Este novo servizo de wifi municipal gratuita pretende complementar outros proxectos ligados á posta en valor do patrimonio cultural tudense, como son as actuacións de sinalización mediante códigos QR ou roteiros autoguiados, facilitando o acceso

a Internet en mobilidade e promovendo a visibilidade do concello animando aos usuarios para compartir a súa experiencia en redes sociais a través dos seus dispositivos móbiles.

Con esta iniciativa o concello de Tui súmase a unha ampla rede de municipios europeos que xa ofrecen este servizo, promovendo o uso de novas plataformas e servizos dixitais innovadores, facilitando a comunicación gratuita tanto a residentes como visitantes.

Rio Minho como destino turístico transfronteirizo

O AECT Rio Minho e a Deputación de Pontevedra celebraron o Día Mundial no Turismo destacando o grande potencial do territorio miñoto e a necesidade de poñer en valor a marca ‘Rio Minho’ como destino transfronteirizo de natureza e patrimonio, baixo o lema ‘Un río, dous países, un destino’.

Fixérono durante a xornada ‘Crecemento e Sustentabilidade’ organizada polo Grupo Editorial Vida Económica en parceria coa Cámara Municipal de Valença, dando así os primeiros pasos para dúas novas actuacións na Eurocidade Tui-Valença: a creación dun Centro de Interpretación do Pa-

trimonio Inmaterial Transfronteirizo (cunha plataforma web) e o acondicionamento dun novo sendeiro no concello de Tui.

Por outra banda, asinou o protocolo de colaboración entre o AECT Rio Minho, a Cámara Municipal de Valença e a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... Nas Ondas! Para o desenvolvemento dun Centro de Interpretación do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) no ámbito do proxecto LIVHES, cofinanciado polo Interreg 2014-2020. Este acordo permitirá que se cree unha Plataforma Dixital sobre o patrimonio inmaterial transfronteirizo na que Ponte... nas Ondas! será responsable de contidos

Éxito do MUMI 2022 na Eurocidade Tui-Valença

A Eurocidade Tui-Valença congregou a boa parte das empresas e profesionais da música de Galicia e Portugal durante os tres días nos que se desenvolveu o MUMI 2022. Do 29 de setembro ao 1 de outubro, o Encontro Profesional das Músicas no Minho reuniu a máis de 200 profesionais que participaron en mesas redondas e reunións nas que se abordaron as posibilidades de colaboración e os desafíos do

sector.

O evento contou con vinte showcases, seis faladoiros, máis de 150 speedmeetings na Zona PRO AGADIC e un festival de bandas transfronteirizas. O MUMI está patrocinado pola Eurocidade Tui-Valença, a Dirección Regional de Cultura do Norte, a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra, a AECT Rio Minho, a Fundación GDA e Bodegas Martín Códax.

O CEIP de Caldelas estrea comedor escolar

Inaugurouse no CEIP de Caldelas un novo servizo de comedor escolar co que conta o centro neste curso 2022/23 e do que se beneficiarán máis de 20 nenos e nenas. Deste xeito, o Concello de Tui continúa a súa

aposta por dotar destes servizos aos seus centros escolares, investindo 25 mil euros nas obras para acondicionar o espazo que acolle o comedor, e facilitando deste xeito vías de conciliación aos pais e nais.

Día Mundial do Alzheimer

O Concello de Tui uniuse á conmemoración do Día Mundial do Alzheimer este 21 de setembro en colaboración con AFAGA, a Asociación de Familiares de Persoas con Alzheimer e outras demencias de Galicia, con charlas impartidas por Beatriz Rodríguez Álvarez, psicóloga xeral de AFAGA, e unha mesa informativa.

En outubro comeza unha nova temporada do programa Cultiva a Mente, para o que xa está aberto o prazo de inscrición. Este programa ten por obxectivo promover un envellecemento activo e saudable das persoas maiores de 55 anos a través de diversas actividades en centros culturais de seis parroquias tudenses: Areas, Cadelas, Guillarei, Pazos de Reis, Randufe, Rebor-



dáns, Ribadelouro e, este ano, Malvas. Amais, outra finalidade do programa é fomentar a sociabilidade e as emocións positivas, así como a estimulación das funcións cognitivas.

Por outra parte proseguen os talleres de estimulación cognitiva e funcional no Centro Comarcal

de Atención ao Alzheimer Baixo Miño en Randufe (Tui) para persoas cunha diagnose de calquera tipo de demencia ou alzheimer.

En colaboración con AFAGA, o Concello de Tui tamén desenvolveu o curso “Coidando-me” dirixido a persoas con familiares dependentes.

Novo Centro Municipal de Piragüismo



O Concello de Tui inaugurou o Centro Municipal de Piragüismo Quique Míguez, na rúa Olímpicos Tudenses, tras a obras de reforma acometidas ao longo dos últimos meses.

O acto contou coa participación do alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro e os presidentes das Federacións Española e Galega de Pi-

ragüismo, Javier Hernanz e Alfredo Bea, respectivamente, e o presidente do Club Kaiak Tudense, Diego Piña, entre outros.

As obras de remodelación acometidas no centro tudense comezaron en outubro do pasado ano 2021, e supuxeron un investimento de 600 mil euros financiados polo Consello Superior de Deportes.

Estratexia e Plan de Acción 2030 da Eurocidade Tui-Valença

O Teatro Municipal de Tui acolleu a presentación pública da Estratexia e Plan de acción 2030 da Eurocidade Tui-Valença. O evento estivo presidido polo alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e polo presidente da Cámara de Valença, José Manuel Carpinteira, no marco do proxecto europeo Unicidade, aprobado con cargo ao programa de cooperación Interreg VAI España-Portugal 2014-2020 e cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Esta Estratexia supón un fito destacado para a Eurocidade. Consta dunha análise e diagnóstico territorial da Eurocidade, xunto cun marco estratéxico, de acción e de implementación para a súa materialización no horizonte 2030. A batería de accións propostas, clasificadas segundo o seu nivel de prioridade, distribúense en 6 áreas temáticas clave: gobernanza transfronteiriça e xestión conxunta de servizos transfronteiriços, desenvolvemento económico e innovación



territorial, urbanismo e infraestruturas, medioambiente e enerxía, reto demográfico e benestar social, e dixitalización. Na web oficial pode accederse a material divulgativo sobre a Estratexia, incluíndo un resumo executivo.

Plan Estratéxico da Zona Franca

Por outra banda, a Zona Franca de Vigo acaba de iniciar en Tui os workshops, mesas de traballo, do Plan estratéxico da provincia, na que participan A Guarda, O Rosal, Tomiño, Pontearreas e A Cañiza, dentro da análise de Bai-

xo Miño, Condado e Paradanta, así como representantes empresariais do sector da flor cortada e vitivinícola.

Estas consultas aos axentes, complementa un diagnóstico global e pormenorizado por división económica no que se recolle a situación social e económica da provincia, así como as oportunidades e principais desafíos para os próximos anos. De todas estas achegas sairá un documento de liñas estratéxicas e posteriormente o plan operativo con accións concretas.

Tui pecha o ciclo de danza ‘Bailando a terra’

O Paseo Fluvial de Tui acolleu o 23 de setembro, ás 20 h o espectáculo de danza ‘Os 4 elementos’ da escola de danza viguesa Unidance. Trátase do último evento de danza, música e patrimonio do ciclo ‘Bailando a terra’, espectáculo dirixido por Alejandra Teixeira promovido pola Deputación de Pontevedra e que chega á cidade coa colabora-

ción do Concello de Tui.

“Bailando a terra” é un proxecto cultural da Deputación de Pontevedra que busca mesturar a arte coa paisaxe, a natureza, a gastronomía e a cultura. Logo de percorrer diversos concellos da provincia, o último espectáculo terá lugar mañá en Tui da man da escola de danza viguesa Unidance.

Emilio Estévez presenta o seu libro “El Báculo de San Epitacio”

O edificio Francisco Sánchez acolle este venres, 7 de outubro, ás 20 h a presentación do libro “El báculo de San Epitacio; Susana, Susana” do tudense Emilio Estévez. Esta é a segunda das actividades programadas con motivo do Mes da Biblioteca en Tui.

O propio Emilio Estévez será o encargado de desvelar ao público a historia que recolle na súa primeira novela, coa que debuta no

panorama narrativo de aventuras. Será presentado por Eva González.

“El Báculo de San Epitacio” está principalmente ambientado en Tui. Cunha prosa áxil e cun ritmo imparable, o autor condúcenos pola historia seguindo os pasos dunha reliquia perdida no tempo. Trátase dunha novela que cabalga entre o xénero de aventuras e a novela histórica, sen desatender os aspectos máis profundos da natureza humana.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Estudarán a viabilidade do polígono empresarial A Guarda-O Rosal

A xerente da sociedade estatal "Suelo Empresarial del Atlántico" (SEA), Beatriz Sestayo, anunciou na Guarda a contratación do Estudo de viabilidade técnica, xurídica e económica para retomar o polígono industrial compartido entre A Guarda e O Rosal, proxecto que leva unha década paralizado.

Acompañada do alcalde da Guarda, Antonio Lomba e da alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández, Sestayo informou que o estudo recollerá a necesidade de actualizar a normativa que está caducada, posto que o proxecto sectorial é do ano 2007, comprobando os informes que sexan preceptivos, así como procedendo a actualizar os custes e analizar a



posibilidade de realizar o polígono por fases.

Este estudo ten un prazo máximo de tres meses. Suelo Empresarial del Atlántico xa dispón en propiedade de 45.000 metros cadrados na zona de desenvolvemento do polígono empresarial e

ten invertido 980.000 euros. A superficie bruta estimada do polígono empresarial, á espera da actualización dos distintos proxectos, situárase nos 260.000 metros cadrados de superficie.

Plan Concellos en Salcidos



O Concello da Guarda levou a cabo o proxecto de Reforma e mellora da zona infantil e deportiva da Portela, no barrio de Salcidos, unha obra executada con cargo ao Plan Concellos 2022 da Deputación de Pontevedra.

Nesta actuación realizouse

unha actuación integral no conxunto das instalacións infantís, nos elementos de xogo, así como na substitución do peche perimetral. Tamén se dotou dunha nova zona de biosaudables que está emprazada nunha parcela anexa á zona infantil e á zona polideportiva da Portela, na parroquia de Salcidos.

15k do Atlántico o 23 de outubro

A terceira e última proba pertencente ás Series 15K terá lugar o domingo 23 de outubro e terá lugar entre os concellos de Oia, A Guarda e O Rosal. Ás 11:00 horas soará o sinal de saída no campo de fútbol de Oia e a poxa final será no porto da Guarda, punto especial onde se entregarán os diferentes premios unha vez rematada a proba.

Da man do proxecto Aproxima do Banco Mediolanum, esta IX edición da proba saca a relucir o seu lado máis solidario doando 1€ de cada inscrición á Asociación Down Vigo en apoio á súa loita por lograr a plena integración das persoas con Síndrome de Down e Discapacidade Intelectual. Ademais, habilitouse unha fila 0 para todas aquelas persoas que queiran facer a súa achega.



O Concello da Guarda, a través da Concellería de Deportes, ven de realizar unha reunión para fomentar e impulsar a práctica do deporte do baloncesto na vila, un deporte que amosa un forte

incremento e que conta cun clube local.

As persoas interesadas en iniciarse no baloncesto na Guarda poden contactar con Rubén, que é o adestrador, a través do teléfono 650.67.29.14 (Whatsapp).

**forjados
hinos. duran s.l.**

www.forjadosduran.com

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Avda. de Galicia, 4 - 1º. Tf: 675 088 316
info@academiatiempos.es

PONTEAREAS

A GUARDA

Ratificado irmanamento entre A Guarda e Póvoa de Varzim

O Concello da Guarda e a Câmara Municipal de Póvoa de Varzim en Portugal ratificaron este 24 de setembro o seu irmanamento iniciado en xuño pasado entre ámbalas dúas vilas mariñeiras, coa creación dunha Comisión integrada polo alcalde da Guarda, Antonio Lomba, un representante de cada un dos grupos municipais e o representante da asociación O Piueiro, Tomás Núñez González.

O acto protocolario de irmanamento na cidade portuguesa celebrouse o pasado 29 de xuño de 2022, coincidindo coa festa de San Pedro, patrono da Póvoa, procedendo tamén á sinatura da “Minuta de Acordo de Germinação”. Con motivo desta celebración o volanteiro Piueiro e a súa tripulación navegaron ata a Póvoa, coa idea de estreitar lazos coa lancha do alto “Fe em Deus” e a súa tripulación, participar no irmanamento e simbolizar a unión das comunidades pesqueiras tradicionais da Guarda e da Póvoa de Varzim.



O 23 de setembro, a lancha do alto “Fe em Deus” e a súa tripulación, así coma unha comitiva municipal de Póvoa de Varzim trasladouse ata A Guarda para participar na Romaría de Santa Trega. Un día despois, o 24 de setembro celebrouse un pleno extraordinario no que se ratificou o irmanamento entre as dúas cidades, un acto que contou coas intervencións do Presidente da Câmara Municipal de Póvoa de Varzim, Aires Henrique do Couto Pereira, dun representante da Asociación Piueiro e do Alcalde da

Guarda, Antonio Lomba.

A relevancia deste Irmanamento, entre dous pobos cunha intensa relación ao longo dos tempos, permitirá estreitar estes lazos, incrementar as relacións culturais, fomentar un turismo mutuo entre os cidadáns de ambas entidades e posibilitará un intercambio de experiencias e de coñecementos entre os responsables da xestión municipal coa finalidade de propiciar o intercambio de iniciativas e de mellora en materia dos servizos á cidadanía.

Plan Rehabilita na Guarda

O Concello da Guarda presentou ante a veciñanza este 27 de setembro o Plan Rehabita, un programa municipal pioneiro que ten como obxectivos paliar a falla de vivenda para alugueiro na vila, aumentar a eficiencia enerxética dos inmobles e mellorar a estética das rúas e barrios.

Unha iniciativa en liña co PACES (Plan de Acción por el

Clima y la Energía Sostenible), ao que está adherido o Concello da Guarda, influirá tamén na redución de emisións de dióxido de carbono á atmosfera. Despois de meses de traballo, nos que se realizaron diversas mesas de traballos con empresarios/as de diversos sectores profesionais para explicar o funcionamento do Plan Rehabita, desta volta é a quenda de presentar esta iniciativa á veciñanza guardesa.

Andainas de Outono 2022 na Guarda e Caminha



Tras realizar as Andainas de Primavera, A Guarda e Caminha retomarán as Andainas de Outono 2022 os días 8 e 22 de outubro e 5 e 19 de novembro.

Estas andainas contan con 4 rutas (Portalén e A Lama; Trilho do Río Âncora; Senda dos Carranos en Covelo; e Trilho do Litoral Norte, Viana do Castelo a Mole-

do) e cun custo de 10€ por andaina e persoa (prazas limitadas) e como en edicións anteriores os participantes galegos saíran da explanada da Sangriña en autocar para xuntarse co autocar de Caminha.

“Historias de Mulleres Guardesas” en outono

O Concello da Guarda, a través da Concellería de Igualdade e o Centro de Información á Muller, programa para outubro e novembro a iniciativa “Historias de mulleres guardesas”, unha alternativa de ocio cultural e saudable na que o eixo principal son as historias de mulleres da vila que destacaron nas súas diferentes épocas.

Nos roteiros, que terán lugar o 14 e 28 de outubro en horario e que saíran dende a Praza do Reló, falarase dunha serie de mulleres, todas veciñas da Guarda, que dun xeito ou doutro forman parte do imaxinario colectivo e da historia da vila, cunha breve achega biográfica para lembrar como foi ou como é a vida destas mulleres e poñerlle cara amosando fotografías para que todos/as os/as participantes as recoñezan. O broche destes roteiros poráos o artista Tino Baz cunha intervención musical.

No caso das andainas, que terán lugar o 13 e 27 de novembro e que saíran dende a Alameda da Guarda (8km de percorrido e dificultade media), falarase de mulleres de Salcidos e Camposancos, tendo en conta fundamentalmente os traballos e oficios aos que se adicaban.



Exposición “Galiza Profunda” na Guarda

A Casa dos Alonso da Guarda inaugurou este 1 de outubro a exposición “Galiza profunda, interpretacións do rural galego mediante ilustración e fotografía contemporáneas”, coa participación da comisionaría da exposición, Vanesa Iglesias Casal. A exposición é organizada por Acontravento e o Concello da Guarda e conta coa participación de 14 artistas.

Esta mostra pretende, dende a conciencia e visión crítica das

artistas escollidas, facer unha dignificación do rural galego fronte a unha visión clasista, reaccionaria, costumista e ata denigrante que xerou co tempo un “autodio” cara o mesmo, e por conseguinte, cara a toda cultura galega. Pois Galiza non se pode nunca desligar da súa ruralidade como país. Así, presenta unha realidade complexa de Galiza para entender e comprender o noso pasado e reivindicar así a nosa orixe tantas veces maltratada e infravalorada.

LOURINHA

Mos

Melloras na Estrada Tameiga-Pereiras

Concello de Mos celebrou unha reunión cos propietarios das parcelas nas que son necesarias cesións para completar a mellora da Estrada Tameiga-Pereiras, tras ter levado a cabo un estudo topográfico previo, de medición por menorizada e de estaquillado.

Na reunión coa veciñanza indicóuselles en detalle o trazado da nova senda e o seu deseño. Asistiron a alcaldesa, Nidia Arévalo, o tenente alcalde e concelleiro de Vías e Obras, Camilo Augusto, o edil mosense de Urbanismo, José Areal, o técnico de administración xeral, Víctor Rodríguez, e o arquitecto municipal, Ramón Vega.



Os veciños propietarios de parcelas nas que sería necesaria cesión para a senda son sobre 100. Na xuntanza de onte, entre os presentes, manifestouse unha vontade maioritaria de cesión. A nova senda peonil irá precedida da remodelación da contorna da Capela de San Eleuterio.

Gustavo Barcia repetirá como candidato do BNG Mos

A militancia do BNG de Mos renovou a súa confianza en Gustavo Barcia como candidato á alcaldía. O actual portavoz municipal, que en 2019 liderou por primeira vez a lista da formación nacionalista para as eleccións municipais, obtivo o respaldo unánime da Asemblea Local e será cabeza de cartel nos comicios do próximo mes de maio de 2023.



Trala súa designación como candidato, Gustavo Barcia expresou a súa confianza en acadar “un amplo respaldo do electora-

do” nas eleccións de 2023 e encabezar un proxecto alternativo “ao goberno das chapuzas de Nidia Arévalo”.

Nova superficie comercial en Mos

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o concelleiro mosense de Urbanismo, José Areal, informaron da concesión de licenza para construción dunha nova nave na zona comercial de As Angustias (Sanguñeda) por parte de ALDI Supermercados S.L.

Trátase dunha zona que leva experimentado unha gran expansión e crecemento desde 2012, con asentamento en Sanguñeda de Gadís e Mercadona, Leroy Merlin, Burguer King e a



vindeira apertura do supermercado ALDI, que xerará 20 novos postos de traballo.

Arte no Camiño embelece o Pazo de Mos

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro e a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, entre outras autoridades visitaron esta semana o mural xa rematado da artista Doa Oa, para o que a CMVMC Salgueirón Mos recibiu unha axuda autonómica de 10.000 euros.

O proxecto de mural enmárcase na Liña de Axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago ofertadas pola Axencia Turismo de Galicia para este ano 2022. O deseño consta de



elementos, vexetais, florais e de cultivos agrícolas, en homenaxe á simboloxía do municipio e da parroquia de Mos.

O mosense Moisés Cerezo debuta como cantante en LUAR

Moisés Cerezo, nado e residente na parroquia de Pereiras, debutará como cantante competindo pola zona de Vigo no programa LUAR da TVG. Participou na primeira fase o pasado 30 de setembro.

Cerezo, de 27 anos de idade, leva máis de 20 anos formando parte do Grupo de Baile e Gaitas Nosa Terra de Pereiras. Actualmente continúa tocando percusión no Grupo de Nosa Terra. Cerezo pretende “seguir a estela e o exemplo doutro mosense recanteiro que logrou ser gañador do Recantos do



Luar, Antonio Barros, gran cantante da parroquia de Tameiga”.

Aberto o prazo para axudas escolares en Mos

O Concello de Mos abriu o prazo para solicitar as axudas municipais para comedor e material escolar. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o vindeiro 14 de outubro. As solicitudes deben presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou a través da Sede Electrónica municipal.

Este curso Mos triplica as axudas para comedor e duplica as de material escolar. O orzamento

municipal anual destinado a subvencións para comedor escolar ascende de 10.000 euros a 30.000 euros, de xeito que ningunha familia solicitante quedará sen axuda. A subvención concedida polo Concello neste senso é de 2 euros por menú de cada neno/a ao día. Tamén se duplicou o orzamento anual destinado a tal fin, pasando de 5.000 euros a 10.000 euros. Por outra banda, tamén adoptouse unha nova forma de pago trimestral.

Impulso á Rede da Axenda 2030

Dirixentes de concellos e deputacións de toda España déronse cita no Castelo de Soutomaior para celebrar a reunión do Consello de Goberno da Rede de Entidades Locais para a Axenda 2030 da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), na que se acordou o impulso da Rede pola Axenda 2030.

A Rede conta na actualidade con preto de 450 entidades locais adheridas que buscan favorecer a coordinación entre os gobernos locais para alcanzar mellores resultados na implementación da Axenda 2030 e o desenvolvementos dos ODS no



ámbito local.

No marco da reunión anunciouse que a convocatoria de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais recibiu máis de 800 proxectos de todo o Es-

tado. Un deles é DEPO2030, unha exposición itinerante presentada pola Deputación de Pontevedra na liña de sensibilización e concienciación. O proxecto conta cun orzamento aproximado de 400.000 euros.

"Deporte e ODS" para reducir a desigualdade

OAuditorio Mar de Vigo converteuse no epicentro do deporte local enmarcado dentro da Axenda 2030 e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) coa xornada "Deporte e ODS".

Baixo o lema "A importancia do Deporte para a redución da desigualdade" esta xornada, organizada pola Deputación de Pontevedra e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), coa colaboración do Consello Superior de Deporte, móstrase como un encontro vital, xa que "o deporte é unha actividade transversal, e así debe ser tratada desde a administración pública", como explicou a presidenta da



Deputación, Carmela Silva.

A xornada quixo destacar a importancia da actividade deportiva no establecemento de estratexias locais para o cumprimento dos ODS da Axenda 2030, en especial na redución

de desigualdades.

Por outra banda, o Premio Consello Superior de Deportes recaeu este ano no concello de Azuqueca de Henares, polas súas iniciativas para o fomento do deporte.

Obradoiros de debuxo urbano de Kiko da Silva



Mozas e mozos de dez concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade participan nos obradoiros de debuxo urbano do proxecto europeo People & Planet, que busca implicar á xente nova na loita contra o cambio climático.

A Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración 'O garaxe hermético', dirixida por Kiko da Silva, imparte esta actividade nos municipios da Laracha, Boiro, Burela, Carral, Fene, Laxe, Nigrán, Pontedeume, Ribeira e Santiago de Compostela.

A actividade pon en valor dis-

tintos espazos naturais que as e os artistas deben representar, achegando a súa visión persoal a través do seu propio estilo pictórico, ao tempo que fomenta novas habilidades para implicarse na procura do ben común dun xeito creativo. Os obradoiros de debuxo urbano forman parte dos Global GreenLabs que se levarán a cabo nos os oito estados membros da UE que participan no proxecto People & Planet. O proxecto involucra tamén a Galicia, Portugal, Alemaña, Irlanda, Italia, Polonia, Romanía, Países Baixos e Cabo Verde.

Volta Motociclista a Galicia partirá de Pontevedra



Odeputado de Deportes, Gorka Gómez, presentou a nova edición da Volta Motociclista a Galicia de mototurismo xunto con Juan Noguero, campión do mundo e de España desta disciplina no ano 2020 e principal impulsor dun "evento moi relevante e de talla mundial".

A ruta deportiva, que se cele-

brará entre os días 7 e 9 de outubro, partirá do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra para percorrer, ao longo de tres etapas algúns dos recunchos máis fermosos da provincia e da comunidade autónoma. Trátase da última proba puntuable para o World Touring Challenge e para a Copa de España de Mototurismo.

Outono de libros

Presentación do libro "Aldea de Buxán" de Francisco Álvarez "Koki"

Presenta Manuel Forcadela

As 20.00 h
Mercado de Tomiño
Para todos os públicos
De balde

07 outubro venres

Tomiño

Carmela Silva recibiu o premio de #MujeresImparables

A presidenta da Deputación de Pontevedra Carmela Silva recibiu en Jerez o premio de #MujeresImparables polo seu traballo en pro da Igualdade, sendo tamén recibida nos concellos de Jerez e Rota e polo presidente da Deputación de Cádiz.

Silva foi protagonista en Rota no Congreso de Feminismo da Provincia de Cádiz. A presidenta provincial compartiu Mesa de Debate sobre "Entidades locais e políticas de igualdade", con Silvia Buabent, experta en Igualdade e ex directora do Instituto da Muller, e Soledad Pérez, avogada e ex deputada do Parla-



mento de Andalucía.

Previamente Silva mantivo un encontro co presidente da Deputación de Cádiz, Juan Carlos Ruiz Boix. En Jerez e Rota foi

recibida pola alcaldesa Mamen Sánchez e o alcalde José Javier Ruiz Arana, asinando o Libro de Honra desas respectivas institucións.

O proxecto ESTRAEE da Deputación, exemplo de boas prácticas en enerxías limpas

O proxecto europeo ESTRAEE, liderado pola Deputación de Pontevedra con participación de Energylab, Revertia, ERP e Lipor, chegou ao IV Congreso Nacional de Resíduos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (RAEE), celebrado en Zaragoza, como exemplo de boas prácticas no ámbito de reutilización, como o definiu a directora de Operacións de ERP RAEE, Maite Etayo Lucas, na mesa de debate "Previr e reutilizar" celebrada no marco do encontro nacional. En Zaragoza, coa participación da Deputación de Pontevedra, reuníronse ao longo dos últimos dous días a máis de 300 profesionais da reciclaxe para debater sobre as últimas novidades do sector e as mellores prácticas baixo o lema "Comprometidos polo medio ambiente". Ademais de con persoal técnico responsable do ESTRAEE, a Deputación tamén estivo presente cun panel informativo sobre o proxecto.

O proxecto ESTRAEE naceu a finais de 2017 para impulsar no espazo transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal a xestión óptima dos RAEE. Cun orzamento de máis de 2 millóns de euros, o 75% financiado polo FEDER, foi



unha experiencia piloto cara a transición ecolóxica para sentar as bases da xestión dos RAEE que supuxo a adaptación á normativa europea de 9 puntos limpos na provincia (Meaño, A Guarda, Gondomar, Nigrán, Mancomunidade do Morrazo, Ponteareas, Silleda e Vilagarcía) e outros 9 en territorio portugués (Cal, Custódias, Formiga, Moreira, Nogueira, Prelada, Sendim, Silvalde e Valongo).

Entre outras accións, os puntos limpos dotáronse de equipamento, como sistemas de xilancia, de control de accesos, transpaletas ou equipos informáticos, entre outros. Por outra banda, dentro das accións levadas a cabo no marco do proxecto ESTRAEE estiveron a definición de ordenanzas tipo sobre xestión sostible dos RAEE, a análise do ciclo de vida comparando reutilización e reciclaxe de diferentes tipos de aparatos, como lavadoras, lavalouzas, tablets o smartphones, e a creación dunha páxina web na que se poñen a disposición da ONG RAEE e doutras

partes interesadas os residuos de aparatos eléctricos e electrónicos reutilizables procedentes de instalacións municipais. Coa finalidade de promover a reciclaxe e reutilización, por outra banda, instaláronse EcoPuntos, puntos de recollida de RAEEs, en cada un dos concellos que participaron no proxecto con caixas de recollida de diferentes materiais como teléfonos móbiles, pilas ou cargadores.

Ademais de impulsar a transición ecolóxica transfronteiriza e a xestión dos RAEE, entre os obxectivos deste proxecto estaba impulsar a economía circular de mercado de materias primas secundarias; promover a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a xeración de emprego verde; mellorar o sistema municipal de recollida e adecuación dos puntos limpos; identificar as categorías de RAEE susceptibles de ser reutilizadas, ou establecer o procedemento de acceso aos centros de preparación para a reutilización (CPR) dos mesmos, entre outras.

Pontevedra, galardoada coa "Q" de Calidade



A provincia de Pontevedra foi galardoada coa "Q" de calidade concedida polo Instituto de Calidade Turística Española (ICTE), avalada polo alto número de distincións que reciben as oficinas de turismo da provincia, líder en Galicia neste sector.

Actualmente contan coa "Q" as tres oficinas da Deputación de Pontevedra: a sede central de Turismo Rías Baixas no Palacete das Mendoza, a oficina do aeroporto de Vigo; e a de Armenteira en Meis. Ademais locen o distintivo nove oficinas municipais da

rede Info Rías Baixas, concretamente a da Illa de Arousa, Caldas de Reis, Cambados, Casa da Bola en Cangas, A Estrada, Baiona, Nigrán, Casal de Ferreirós en Poio e Cuntis. A rede está formada por 33 oficinas e o obxectivo da Deputación é sumar progresivamente novos distintivos de calidade turística.

Ademais, a Deputación de Pontevedra recibiu o ano pasado a "Q" para o museo do Castelo de Soutomaior, que se converteu no primeiro recinto museístico de todo o Estado en obter este galardón.

Oia reclama melloras urxentes no servizo eléctrico



Ante os recentes cortes no subministro eléctrico, a Alcaldesa de Oia, Cristina Correa, solicitou con carácter inmediato unha reunión urxente co delegado de UFD (Unión Fenosa Distribución) o 23 de setembro, nun encontro no que participaron o delegado de UFD en Pontevedra, Francisco Ramos, e o xefe de operacións en Vigo, Marco Gelpi, a fin de analizar as causas sufridas e as melloras a implementar por parte da compañía para evitar

que se sigan producindo cortes que tanto prexuízo causan.

Desde UFD anunciaron que se van a priorizar e intensificar as obras de mellora e adecuación da rede de distribución eléctrica no Concello. Neste sentido, a distribuidora comprometeuse a adiantar a substitución de determinados equipos, así como a intensificar as labores de tala e poda, tanto na liña principal do Rosal, como na liña de apoio de Gondomar.

A Gala Escolas Galegas pecha o FICBUEU

Trala celebración da Gala Escolas Galegas 2022 do Festival Internacional de Cinema de Bueu completouse o palmarés da 15ª edición, co anuncio das curtas gañadoras nas Seccións de Educación Especial, Infantil e Primaria e de Educación Secundaria.

Foron galardoadas 'Algas Negras' do IES Audiovisual de Vigo co premio de 250€ en formación audiovisual e o correspondente trofeo, e na sección de Escolas de Cinema Internacional, con 'Yi-Yi' de Giselle Lin da Lasalle College of Arts conseguindo o diploma de finalista nunha axustada disputa coa obra 'The fall of Ibis King' de Mikai Geronimo e Josh O'Caoimh, quenes acadaron unha Mención Especial na categoría.



Na sétima celebración da entrega de premios para a mocidade foron premiados 'Que van dicir de nós' do CPI Alcalde Xosé Pichel en Educación Secundaria e 'Carolina e o corvo de ás brancas' do CEIP do Hío en Educación Especial, Infantil e Primaria, ambos premios compostos por 150€ en formación audiovisual e un galardón.

Finalmente, o Centro Social do Mar presentou o acto Consertasso na Horta a cargo do músico Brais das Hortas, posto en marcha grazas ao apoio da Deputación de Pontevedra - Pontegal. No acto tamén se puido participar nunha degustación de Kombucha por parte de Meraki Ferments e rematou coa sesión de proxección da Sección Curtas en Familia.

Volve a Feira de Oportunidades en Redondela



A Asociación de Empresarios de Redondela, en colaboración co Concello de Redondela, realizou o 1 e 2 de outubro a Feira de Oportunidades coa intención de reinventar este formato tradicional para reimpulsar o comercio local despois de dous anos de pandemia e recuperar así mesmo o escenario da Alameda de Redondela.

O recinto feiral permitirá acoller a 30 establecementos ex-

positores. Moda, calzado e complementos supoñen o 70% da oferta nesta feira na que tamén poderemos atopar alimentación, vehículos, agro, xardín, decoración e beleza de benestar. A recuperación de actividades e zonas de ocio infantil foi outro dos atractivos deste evento que combinou compras, diversión e premios no marco da campaña Comprar no Teu Comercio ten Premios.

O redondelá Carlos Pazos-Justo presidirá a AIEG

O profesor Carlos Pazos-Justo, da Universidade do Miño (UMinho), é o novo presidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), a referencia da área, que agrega dous centenares de investigadores da Europa e América. Tomou posesión no XIII Congreso da AIEG celebrado en setembro en Varsovia, Polonia.

Natural de Redondela, Pazos-Justo é licenciado en Filoloxía Galega e Portuguesa pola USC e mestre en Teoría da Literatura e Literatura Portuguesa pola UMinho.



ho. Forma parte da Rede Galabra e é membro do Centro de Estudos Humanísticos da UMinho, onde é coordinador do Centro de Estudos Galegos, entre outros cargos.

Cun mandato ata 2025, o novo presidente e o seu equipo reforzarán o traballo en rede dos estudos galegos, o diálogo coa lusofonía e a realización por primeira vez un congreso desta entidade en Portugal, previsto para 2024 en Braga. Carlos Pazos-Justo é o primeiro presidente da AIEG pertencente a unha universidade portuguesa. O seu cargo reconece tamén o traballo de case tres décadas dos estudos galegos na UMinho.

A AIEG xurdiu na década de 1980 en EE.UU e aposta por afirmar os estudos sobre literatura,

Portugal anuncia AVE Vigo-Porto para 2026

O primeiro ministro portugués António Costa anunciou o inicio das obras para acelerar o AVE Vigo-Porto para o 2026. Mantén así que a liña que partirá de Lisboa articulará mellor a Península que un AVE a Madrid.

Pola súa bandao, o ministro de Transportes Pedro Nuno Santos anunciou que reforzará máis ao aeroporto de Sá Carneiro en

Porto como aeroporto do Noroeste, cun viaxe de 48 minutos ao centro olívico e de 2 horas e 23 minutos á Coruña.

Lisboa cualificou este proxecto "a revolución" do transporte que cambiará a mobilidade no seu país e no occidente da Península. O anuncio foi realizado por Costa e Nuno Santos en presenza da cúpula da empresa pública Infraestruturas de Portugal.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

Mondariz pecha a crise sobre o Centro de Día

O Concello de Mondariz recibiu o 30 de setembro, a visita do xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, meses despois de chegar a importantes acordos sobre a resolución dos problemas de cofinanciamento do centro de día de Mondariz e a renovación do convenio de colaboración entre as dúas partes para a prestación deste servizo.

Após formalizar na Casa Consistorial a sinatura do novo convenio a catro anos, establecido o pasado mes de abril, o xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar dirixiuse á sede do centro de día de Mondariz para



coñecer as instalacións e conversar coas persoas traballadoras e usuarias, acompañado polo alcalde, Xosé Emilio Barros, e o concelleiro de Servizos Sociais e Facenda, José Luis Fernández.

Esta simbólica visita deu por pechado o conflito entre Xunta e Galicia e Concello de Mondariz polo incumprimento dos compromisos de cofinanciación do centro de día.

Homenaxe a Josefa Agulla Pastoriza "Fita"

Este domingo 9 de outubro, o Auditorio Municipal do Concello de Mondariz acollerá un emotivo concerto en memoria de Josefa Agulla Pastoriza "Fita", que faleceu hai un ano aos 68 anos de idade a consecuencia da caída dunha árbore no concello de Mondariz Baleario. Este accidente, ocorrido durante un evento público ao aire libre, deixara tamén até cinco persoas feridas.

O evento está organizado por familiares e amigos de "Fita", e conta co apoio do Concello de Mondariz e, particularmente, da Escola Municipal de Música



de Mondariz. O concerto-homenaxe ten fins solidarios e promove a colaboración voluntaria coa Protectora Os Biosbardos, Refuxio Animais Ponteareas.

Roubos no mobiliario urbano en Mondariz e Toutón

O Concello de Mondariz denunciou ante a Garda Civil diversos roubos de mobiliario urbano e público nas parroquias de Mondariz e Toutón. Nos composteiros comunitarios do barrio da Pedreira roubáronse as caixas que almacenan estruturante. Na escola unitaria de Tou-

tón roubouse a estufa de pellets que o Concello de Mondariz instalou en 2020, no marco das obras de mellora deste inmovible de propiedade municipal.

Ante esta vaga de roubos, o Concello toma medidas de seguridade instando á colaboración cidadá. Desde hai un tempo, edificios

públicos como a Casa Consistorial, a nave municipal e a Escola Municipal de Música están dotados cun equipamento de seguridade para prever roubos. Tamén se ten considerado instalar cámaras de videovixilancia en lugares públicos estratéxicos para detectar e disuadir comportamentos incívicos.

AporM critica a falta de apoio ao Ciclo Coral Outono en Son

Alternativa por Mondariz (AporM) lamentou que o Concello de Mondariz non colabore coa agrupación Mistura Vocal financiando o evento, VI Ciclo Coral Outono en Son, que levaba 5 edicións realizándose en Mondariz e converténdose nun evento de corais de referencia na contorna.

En canto ós fondos para financeiro, AporM indicou que os mesmos non son municipais, senón que son fondos da depu-

tación polo Plan Concellos, ao igual que os 12.100€ do Grupo América e os 5.445€ do escenario do Grupo Dakidarria (actuacións das festas de Mondariz), non sendo estes grupos do municipio o igual que Mistura Vocal, coa diferenza de que este último si ten veciños entre as súas filas. Tamén negaron que eses 4.000€ vaian a repercutir en asociacións da vila, criticando que esta é unha "decisión exclusivamente política".

Mondariz aposta polo deporte

O Concello de Mondariz, en colaboración coa asociación Territorio Comanche, organiza para este 9 de outubro a carreira nocturna Orienta-Tea, dirixida a maiores de 16 anos con equipos entre 2 e 6

persoas.

Así mesmo, o Concello tamén promove a práctica de balonmán xunto co club Balonman Cañiza a través dun curso académico os luns e mércores para nenos e nenas de 4 a 14 anos.



milfollas
LIBRERÍA · PRENSA · PAPELERÍA

Carballos, 10 · PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 · SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas